

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA DAR ASISTENCIA A SITUACIÓNS DE POTENCIAL EMERXENCIA EN PUNTOS DO CAMIÑO FRANCÉS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Cruz Roja Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Cruz Roja Española para dar asistencia a situacións de potencial emerxencia en puntos do Camiño Francés durante dous meses entre os meses de xullo e setembro

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e 2 innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.



Segundo.- O notable incremento do número da afluencia de peregrinos, non só dos peregrinos que acoden a pé a Santiago de Compostela a través das diferentes rutas xacobeas, senón por outros medios de transporte, esixe unhas novas e máis amplas medidas de regulación e seguridade no Camiño de Santiago co consecuente aumento dos medios humanos e materiais para este fin.

Dado que o Camiño de Santiago constitúe na actualidade unha marca que identifica a Galicia e España no mundo, a regulación destes fluxos é un reto importante para todos os departamentos e órganos da Xunta de Galicia.

Neste sentido, é necesario articular medidas que reforcen as medidas de seguridade no Camiño de Santiago.

Terceiro.- Cruz Roja Española, fundada o 6 de xullo de 1864 dacordo coa Conferencia Internacional de 26 de outubro de 1863, é unha Institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenrola a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 axustándose ao previsto nos convenios internacionais sobre a materia nos que España sexa parte.

Cruz Roja Española, deseñou un modelo de cobertura adaptado ás circunstancias actuais e o tipo de actividade. Como proxecto piloto no ano 2001 centraron os esforzos no tramo por excelencia nos últimos anos, como é o Camiño Francés, en concreto as etapas dende Sarria ata o Monte Do Gozo, sendo posible estender este modelo a máis etapas de este ou outros camiños que se estime necesario. Tratouse dun modelo escalable tanto en número de etapas como postos de atención segundo as necesidades de cara ao ano 2022.

Dado o éxito do proxecto no ano 2021, na anualidade 2022 volve a manterse o esquema de actuación levado a cabo con anterioridade.

O dispositivo está baseado en dúas metodoloxías de cobertura, por un lado haberá patrullas móbiles que realizarán as etapas en bicicletas en horario de



09:00 a 14:00 aprox, prestando acompañamento, asistencia e asesoramento aos peregrinos. Por outro lado determináronse como puntos fixos de asistencia en horario de 15:00 a 19:00, en Portomarín, O Pino e Monte do Gozo. A actividade levarase a cabo de mércores a domingo ambos inclusive.

Cuarto.- As patrullas que realizarán o camiño en bicicleta, contarán con formación en primeiros auxilios, desfibrilación semiautomática, xeolocalización, medioambiente e igualdade de xénero. Estes equipos estarán dotados dun botiquín de primeiros auxilios, un DESA e un xeolocalizador.

De igual maneira os postos de atención en horario de tarde contarán coa mesma formación e o mesmo tipo de materiais para a prestación de primeiros auxilios.

Por último, forma parte do dispositivo un vehículo de apoio, equipado con material específico para dar resposta a aquelas situacións que superen o nivel de asistencia das patrullas móbiles. Este vehículo estará itinerante entre as etapas nun horario máis flexible.

A presenza destes equipos será de mércores a domingo ambos inclusive, durante dous meses entre xullo e setembro, unicamente se parará a actividade, os luns e martes por descanso do persoal. Todos os días de actividade, entre las 09:00 e as 09:30 sairá unha patrulla de: Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Arzúa e O Pino, que realizarán entre 19 e 25 km polo camiño de Santiago en bicicletas. A chegada ao final da etapa está estimada entre as 13:30 e 14:00. Así mesmo, os postos fixos comezarán ás 15:00 momento en que se pecha a asistencia dos Centros de Saúde de referencia das zonas sinaladas. Estes postos ao igual que as patrullas móbiles estarán a disposición dos peregrinos para calquera cuestión que precisen.

Formarán parte seis persoas contratadas directamente desde Cruz Roja Española, cinco delas serán os socorristas que realizarán as etapas. A súa rotación será unicamente entre dúas das cinco etapas de maneira que se especializarán nas mesmas adquirindo un coñecemento minucioso de ditas etapas o que redundará nunha mellor información aos peregrinos.



Ademais unha coordinadora encargárase de supervisar o dispositivo e con mobilidade para apoiar en algún punto o día concreto si a actividade o require.

Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación da seguridade vinculado ao mesmo, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios

Que a través deste convenio, outórgase a Cruz Roja Española unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

